Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 25/02/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que



-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A921011230000UL, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

27.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

15199 19.06.2025 JOSÉ BENITO MUÑÍZ VILAR, comunicación previa de primeira ocupación de construción de vivenda unifamiliar no lugar de Salmón, Oleiros.

28.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

392 07.01.2026 MELCHOR NOGUEIRA UZAL, comunicación previa de primeira ocupación de construción de vivenda unifamiliar entre medianeiras, na rúa Bouciña, Palmeira.

29.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. CARLOS MANUEL CALLÓN TORRES, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D. XOÁN XOSÉ CALLÓN TORRES, POLAS LESIÓNS SUFRIDAS NO XIMNASIO MUNICIPAL DE A FIEITEIRA. EXPEDIENTE 2025 RESP000008.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. CARLOS MANUEL CALLÓN TORRES, en nome e representación de D. XOÁN XOSÉ CALLÓN TORRES**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 06/03/2025 co número 202500005484, D. Carlos Manuel Callón Torres, en nome e representación de D. Xoán Xosé Callón Torres, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas na data 06/02/2025 no ximnasio municipal de A Fieiteira, debido á presenza de pesas espalladas polo chan, o que dificultou a colocación dunha pesa no seu soporte ocasionándolle varias lesións.



Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 23/10/2025, resolveuse admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/á interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non especifica a avaliación económica da responsabilidade patrimonial que reclama, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta do referido requisito, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido/a da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente xustificante da oficina de correos de que a notificación foi practicada ó interesado na data 03/11/2025.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias da Alcaldesa na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*

CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se producise a emenda requirida.

QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.



Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 27/02/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Ter por desistido/a da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D. Xoán Xosé Callón Torres, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 06/03/2025, co número 202500005484, **e declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 23/10/2025, notificado na data 03/11/2025**. Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

30.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a RAMONA BRETAL SIEIRA POLOS DANOS E LESIÓN SUFRIDOS POR MOR DUNHA CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. EXPEDIENTE 2025 RESP000003.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a RAMONA BRETAL SIEIRA**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 31 de xaneiro de 2024, D^a Ramona Bretal Sieira, con DNI número 33.172.356-P, camiñaba acompañada doutras persoas pola beirarrúa da marxe dereita da vía pública que une os lugares de Bretal e Sirves, cara a Casa da Cultura de Olveira co obxecto de asistir ó curso de memoria que imparte o Concello de Ribeira, cando, a poucos metros de xirar ca o camiño que conduce á Casa da Cultura, pisou unhas lousas da beirarrúa que estaban despegadas o que fixo que caera ó chan.

Segundo.- Como consecuencia da caída, a Sra. Bretal Sieira precisou asistencia médica, polo que foi atendida no servizo de urxencias presentando traumatismo en brazo dereito, zona supraciliar dereita e costado e hematoma en ollo dereito e ferida en zona da cella dereita.

Ademais das lesións referidas, a Sra. Bretal Sieira danou unha peza dental e rompeu a montura das lentes que levaba postas nese momento, rascando os cristais das mesmas contra o pavimento da beirarrúa.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 30/01/2025 co número 202500002328, D^a Ramona Bretal Sieira, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos e as lesións sufridas pola mencionada caída, solicitando que se recoñeza a responsabilidade do accidente sufrido e se acorde o abono da indemnización polos danos e prexuízos sufridos, que cuantifica na contía total de 4.468,29 euros, mais os xuros que legalmente procedan, correspondente ós seguintes conceptos:



- 4.120,45 euros de indemnización por lesións, correspondendo 642,50 euros por 10 días de dano moderado; 1.853,00 euros por 50 días de dano básico; e 1.624,95 euros por 2 puntos de secuelas.
- 299,00 euros de indemnización polos gastos da óptica.
- 9,04 euros de indemnización polos gastos farmacéuticos.
- 39,80 euros de indemnización polos gastos odontolóxicos.

Co seu escrito achega a seguinte documentación: DNI da reclamante; dúas fotografías en cor do lugar do accidente; informe médico emitido na data 08/02/2024; unha relación de prescricións de medicamentos; dúas fotografías en cor do ollo magoadado; unha fotografía en cor das lentes danadas; copia da factura número 434 de data 15/02/2024 expedida por "Opticalia"; dúas fotografías en cor das pezas dentais da reclamante; copia do orzamento de data 18/03/2024 emitido pola clínica "Ribeira Dental"; unha copia dunha ortopantomografía realizada na clínica "Ribeira Dental"; e un certificado da conta bancaria da titularidade da reclamante.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 04/11/2025 pola Policía Local do Concello de Ribeira.
- Parte de anomalía nº 338 realizado pola Policía local do Concello de Ribeira.
- Informe interno de chamadas telefónicas da Policía Local.
- Actas testemuñais practicadas na data 26/11/2025.
- Informe emitido na data 20/01/2026 pola enxeñeira municipal do Concello de Ribeira.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación de alegacións pola parte reclamante, realizadas mediante escrito rexistrado de entrada na data 03/02/2026 co número 202600002701, e no que reitera a súa petición de indemnización na contía de 4.468,29 euros.

Así mesmo, consta presentado escrito de alegacións de data 23/01/2026 por Mapfre Seguros de Empresas, como entidade aseguradora do Concello de Ribeira, no que se conclúe que o importe reclamado non está xustificado nin acreditado conforme ó Baremo de Tráfico 2024, nin se aporta proba suficiente da relación causal directa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-



O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou, no seu caso, as normas orzamentarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. Ramona Bretal Sieira para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende** por ser quen ten sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na data 31/01/2024 cando camiñaba pola vía que une os lugares de Bretal e Sirves, **e fíxoo en tempo e forma idóneas** por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano.



A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente, tal e como se informa por parte da enxeñeira municipal en informe emitido na data 20/01/2026: “La vía pública que une los lugares de Bretal y Sirves es de titularidad municipal, por lo que su conservación y mantenimiento es competencia del Ayuntamiento de Ribeira”. A este respecto, cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo de deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos e as lesións sufridas por D^a Ramona Bretal Sieira. Así se deduce do parte médico que achega a reclamante, e da factura de reparación dos danos.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos e as lesións producidos, por canto a reclamante conecta aqueles co mal estado da beirarrúa pola que camiñaba na data do accidente.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

1º).- A Policía Local do Concello de Ribeira, en informe emitido na instrución do expediente, dispón o seguinte: “1. No existe constancia en la fecha del accidente objeto de reclamación (31/01/2024) en archivos policiales. 2. Si en cambio el día 18/02/2024, se recibe llamada telefónica en dependencias policiales de la que dice ser hija de Ramona Bretal Sieira, comunicando que su madre se había caído a consecuencia del mal estado de la acera ubicada en el lugar de Bretal (a la altura del Bar Rueiro), de lo que atestigua informe de telefonema obrante en el expediente 2024INFP000050. 3. En vista de tal llamada, se comisiona una dotación policial para la comprobación del estado de la acera en cuestión, pudiendo confirmar que diversas losetas se encontraban rotas, por lo que, en el informe correspondiente obrante en el expediente antes citado, se aconseja su pronta reparación para evitar futuros accidentes. 4. En vista de lo actuado se procede a poner los hechos en conocimiento del departamento municipal de mantenimientos para la reparación de los obstáculos, mediante asignación de expediente. En base a lo anterior, esa policía no puede afirmar que en la fecha de los hechos objeto de reclamación se hubiese producido el accidente al no constar en archivos policiales aviso o parte de intervención de ese instante.”

2º).- A enxeñeira municipal, en informe emitido na data 20/01/2026, dispón o seguinte:

“ (...)

d) Estado del lugar del accidente: Como ya he dicho, al no tener conocimiento del accidente por el que se reclama, el día de la caída no se ha procedido a realizar inspección al lugar. Tras el inicio del expediente administrativo, se ha procedido con fecha 10/11/2025 a la comprobación de su estado.

Así, se pudo comprobar que la acera mencionada está muy deteriorada y con bastantes baldosas despegadas y/o sueltas a lo largo del recorrido de la zona de la caída, existiendo diferencias de cota de 3 o 4 cm en las zonas donde se aprecia la losa suelta, movida o despegada de la base de hormigón. El estado general de la acera supone un peligro cierto para las personas que transitan por la misma, sobre todo para las personas de edad avanzada.



En la actualidad, como se puede apreciar en las fotografías que se adjuntan a continuación, sigue sin realizarse la reparación correspondiente:







No consta señalización alguna del mal estado de la acera del margen derecho de la vía. Tal y como se aprecia en la fotografía que se añade a continuación, la vía tiene también acera en su margen izquierdo, cuyo estado general parece correcto.



- e) Causa del siniestro: Es ciertamente probable que la causa de la caída de la Sra. Bretal Sieira fuese el mal estado de la acera del margen derecho de la vía por la que transitaba, debido a los importantes desperfectos que presenta, tal y como se observa en las fotografías que se adjuntan (...)

3º).- As testemuñas propostas pola reclamante ás que se lle tomou declaración, e que a acompañaban no momento da caída, manifestan que ían camiñando pola beirarrúa cando D^a Ramona tropezou cunhas lousas en mal estado e caeu ó chan, magoándose a cara e rompendo as gafas, incidindo no mal estado da beirarrúa e indicando que este é o traxecto mais indicado para ir cara os talleres de memoria, xa que do contrario, terían que dar mais volta, e que non é doado apreciar o mal estado das lousas, porque aparentemente parece que están ben, pero ó pisar poden levantarse o engancharte noutro lado.

Así mesmo, a mestra que imparte os talleres de memoria ten declarado que non estaba presente no momento nin no lugar da caída pero que, cando chegou á aula, D^a Ramona estaba alí e tiña un golpe na cara, comentándolle, tanto ela como as súas compañeiras, que caera por mor dunhas lousas que estaban en mal estado. Aínda así, D^a Ramona díxose que non quería ir ó médico e que tampouco quería ir para a casa, que estaba mellor nas clases.



Na análise xurídica que é necesario efectuar sobre a existencia, ou non, de relación de causalidade entre os danos e lesións sufridos pola reclamante e o funcionamento normal ou anormal do servizo público viario, é preciso ter en conta dúas cuestións conexas:

- a) A existencia real do mal estado das lousas da beirarrúa.
- b) A imputabilidade das consecuencias do accidente, isto é, a relación ou conexión directa do defecto na beirarrúa co funcionamento do servizo público municipal.

Respecto da primeira cuestión, tanto o informe policial como o informe técnico son coincidentes en afirmar a existencia do mal estado da beirarrúa, afirmando a enxeñeira municipal no seu informe de carácter preceptivo no expediente de conformidade co disposto no artigo 81.1 da Lei 39/2015, que o estado xeral da beirarrúa supón un perigo certo para as persoas que transitan pola mesma.

E sendo o defecto estrutural da beirarrúa un feito constatado nos referidos informes, a dificultade radica precisamente en determinar se existe unha vinculación directa entre o estado daquela e os danos e lesións xerados á reclamante, é dicir, en constatar a causa da caída, ou o que é o mesmo, en demostrar a dinámica do accidente.

Faltaría pois como único elemento decisivo probar a presenza da Sra. Bretal Sieira no lugar no cal se produciu o accidente, en definitiva, a evidencia dos mencionados feitos, xa que é preciso ter en conta que o accidente non contou coa presenza dos corpos de policía. A este respecto, a policía local realiza un parte de anomalía co número 338 na data 18/02/2024, isto é, 18 días mais tarde de producirse o suceso, pois é nesa data cando se recibe nas dependencias policiais unha chamada da filla da reclamante comunicando o accidente padecido pola súa nai. Polo que o informe policial que consta no expediente limitase a reproducir o comunicado pola filla da Sra. Bretal Sieira, e a comprobar o estado da beirarrúa dezaioito días mais tarde, sen incorporar un xuízo propio sobre as posibles causas determinantes do accidente.

Non sucede o mesmo co **informe emitido pola enxeñeira municipal**, xa que aínda que non tivo coñecemento dos feitos na data do accidente, unha vez comprobado o estado xeral da beirarrúa non dubida en emitir un xuízo propio sobre as posibles causas determinantes da caída, que ó seu entender, ben puido ser o estado da beirarrúa debido ós importantes defectos que presenta, polo que é preciso ter en conta este informe técnico no referente á determinación e proba da causa eficiente da caída obxecto desta reclamación.

Neste informe tamén se indica que non existía sinalización do mal estado da beirarrúa da marxe dereita da vía, e que esta tamén ten beirarrúa na súa marxe esquerda, cuxo estado xeral parece correcto. A este respecto, puidera ser que a existencia dun percorrido alternativo actuara como eximente da responsabilidade patrimonial. Non obstante, a existencia dun percorrido alternativo é importante cando no escollido pola vítima consta sinalización, ou advertencias manifestas dalgunha circunstancia impeditiva ou disuasoria para empregalo, o que non é o caso, xa que a zona non estaba sinalizada e, aínda que o estado da beirarrúa non é o adecuado a simple vista, é preciso ter en conta o declarado polas testemuñas da caída: *“No es fácil de apreciar el mal estado de las baldosas, porque aparentemente parece que está bien, pero al pisar puede levantarse o engancharse en otro lado”*.

A proba que falta por analizar, e que podería facilitar o sentido desta proposta de resolución, é a **proba testemuñal**. A estes efectos, na instrución do expediente puido tomarse declaración ás testemuñas propostas, declaración da que extraemos a conclusión



de que se trata dunhas testemuñas presenciais, pois acompañaban á reclamante no momento da caída, describindo claramente a secuencia do mesmo, o que reforza o valor probatorio dos feitos que se intentan demostrar pola reclamante, xunto co declarado pola mestra que impartía as clases de memoria ás que se dirixía a reclamante e as súas acompañantes, que asegura que ese día D^a Ramona tiña un golpe na cara e que parecía algo atordada.

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos e lesións sufridos pola reclamante e o funcionamento do servizo público municipal. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada pola reclamante.

Con respecto ó **quantum indemnizatorio**, cómpre proceder á análise da contía solicitada pola reclamante, tendo en conta que, en relación ós danos persoais, debemos acudir á Lei 35/2015, de 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e prexuízos causados ás persoas en accidentes de circulación, coa actualización que corresponde ó ano 2024, que foi o ano no que tivo lugar o accidente polo que se reclama.

Así, en canto ás **lesións físicas**, a reclamante solicita a contía total de 4.120,45 euros, que se corresponden cos seguintes conceptos:

- 642,50 euros por 10 días de dano moderado.
- 1.853 euros por 50 días de dano básico.
- 1.624,95 euros por 2 puntos de secuelas.

Non obstante, compre precisar o seguinte:

- a) En canto á contía de 642,50 euros por 10 días de dano moderado, a reclamante non achega informes médicos nos que se deixe constancia dos días invertidos na curación das súas lesións, tal e como se lle solicitou no período de proba. Por suposto, tampouco acredita que o prexuízo persoal sufrido tivese a cualificación de moderado. É a propia reclamante a que cualifica o prexuízo persoal como tal no seu escrito de reclamación, sen ningún tipo de acreditación. O único informe médico que achega a reclamante é de data 08/02/2024 no que se dispón que D^a Ramona acude a control de saúde e revisión tras caída accidental, e que acudiu o día 31/01/2024 ó servizo de urxencias por caída na rúa, que persiste o hematoma en ollo dereito e ferida en proceso de cicatrización en zona de cella dereita, e que se cita en tres meses para novo control de saúde, non sendo lesións que revistan tanta gravidade como para que a lesionada perda temporalmente a posibilidade de levar a cabo unha parte relevante das súas actividades específicas de desenvolvemento persoal, que é como se define o prexuízo moderado no artigo 138.4 da Lei 35/2015.

Así, tendo en conta que a data do accidente foi o 31/01/2024 e que o único informe médico que achega a reclamante é de data 08/02/2024, sen coñecer a data exacta da súa curación, enténdese que soamente se acreditan 9 días de curación das súas feridas.

Con estes datos médicos e aplicando o artigo 136 da Lei 35/2015, coa actualización das contías respecto do ano 2024, temos que: 9 días de prexuízo persoal básico x 37,06 euros = 333,54 euros.

- **Total por este concepto = 333,54 euros.**



- b) En canto á contía de 1.853 euros por 50 días de dano básico, non resultan acreditados os días invertidos na curación das súas lesións, como xa se indica no apartado anterior.
- **Total por este concepto: 0 euros.**
- c) En canto á contía de 1.624,95 euros por 2 puntos de secuelas, non consta informe médico que acredite a existencia daquelas e a puntuación que lle correspondería. A este respecto a reclamante limitase a dicir no seu escrito de reclamación que *“presenta secuelas por mor da caída e aínda se resinte na actualidade de molestias no brazo dereito”*.
- **Total por este concepto: 0 euros.**

En canto ós **danos materiais**, a reclamante solicita a contía total de 347,84 euros, que se corresponden cos seguintes conceptos:

- 299 euros de indemnización por gastos de óptica.
- 9,04 euros de indemnización por gastos farmacéuticos.
- 39,80 euros de indemnización por gastos odontolóxicos.

Non obstante, compre precisar o seguinte:

- a) En canto á contía de 299 euros por gastos de óptica, resultan acreditados estes danos. Así o poñen de manifesto as testemuñas que acompañaban a D^a Ramona na data do accidente (*“cayó al suelo, lastimándose la cara y rompiendo las gafas”*), ademais de achegar unha fotografía das gafas rotas. Así mesmo, a reclamante achega a factura de reposición das mesmas pola contía de 299 euros, expedida na data 15/02/2024 por *“Opticalia”*.
- **Total por este concepto: 299 euros.**
- b) En canto á contía de 9,04 euros de indemnización por gastos farmacéuticos, non resultan acreditados os medicamentos prescritos por mor das lesións sufridas pola caída, xa que non aporta o informe médico do servizo de urxencias, no que segundo indica a reclamante foille prescrito Naxopreno Sodio 550 MG e Calmatel crema. Tampouco achega o xustificante da compra daqueles medicamentos non cubertos pola Seguridade Social.
- **Total por este concepto: 0 euros.**
- c) En canto á contía de 39,80 euros de indemnización por gastos odontolóxicos, non se achegan probas suficientes de que este dano derive da caída sufrida na data 31/01/2024, xa que soamente achega un orzamento dunha clínica dental de data 18/03/2024, isto é, mes e medio despois de ter sucedido o accidente polo que se reclama, e un correo electrónico no que se indica que na data 22/05/2023 non se aprecia a rotura dunha determinada peza dental, o que non é proba suficiente para considerar este dano como propio da caída, tratándose de meras hipóteses ou conxecturas.
- **Total por este concepto: 0 euros.**

Sumando as contías por todos os conceptos expostos, procede recoñecer á reclamante unha indemnización total por un importe de **632,54 euros**.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 25/02/2026, e



visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 26/02/2026,
A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a Ramona Bretal Sieira, polos danos e lesións sufridos como consecuencia dunha caída na beirarrúa da marxe dereita da vía pública que une os lugares de Bretal e Sirves, na contía total de 632,54 euros.

No abono da referida contía corresponde ó Concello o pago ó reclamante de 150 euros, que é a franquicia estipulada coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas na data da caída, correspondendo á citada entidade aseguradora o abono da contía restante, isto é, a cantidade de 482,54 euros.

31.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a M^a DE LOS ÁNGELES LEMA SANTOS, POLOS DANOS EN ESTABLECEMENTO DA SÚA PROPIEDAD OCASIONADOS POLAS LABORES DE LIMPEZA DA BEIRARRÚA. EXPEDIENTE 2025 RESP000031.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a M^a DE LOS ÁNGELES LEMA SANTOS**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 21/07/2025 co número 17653, D^a M^a de los Ángeles Lema Santos promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos na data 17/07/2025 no establecemento da súa propiedade, denominado “Eurocolor”, sito na Rúa Rosalía de Castro, como consecuencia das labores de limpeza da beirarrúa.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 07/11/2025, resolvease admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/á interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non acredita a titularidade do establecemento que resultou danado, nin especifica a avaliación económica da responsabilidade patrimonial que reclama, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta dos referidos requisitos, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido/a da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente acuse de recibo de que a notificación foi practicada á interesada na data 19/11/2025.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias da Alcaldesa na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”*

CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se producise a emenda requirida.

QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 03/03/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Ter por desistido/a da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D^a M^a de los Ángeles Lema Santos, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 21/07/2025, co número 17653, **e declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 07/11/2025, notificado na data 19/11/2025.** Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



32.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ NEIRA DARRIBA, POLOS DANOS E LESIÓNS SUFRIDOS POR MOR DUNHA CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. EXPEDIENTE 2025 RESP000036.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. JOSÉ NEIRA DARRIBA**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 18/08/2025 co número 19579, D. José Neira Darriba promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos e lesións sufridos por mor dunha caída na vía pública.

Segundo.- Por Decreto da Alcaldía de data 21/11/2025, resolvease admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/á interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que non especifica a avaliación económica da responsabilidade patrimonial, nin o momento en que a lesión efectivamente se produciu, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta dos referidos requisitos, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido/a da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente acuse de recibo de que a notificación foi practicada ó interesado na data 11/12/2025.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias da Alcaldesa na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación*



de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21.”

CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se produciuse a emenda requirida.

QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 03/03/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Ter por desistido/a da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a D. José Neira Darriba, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 18/08/2025, co número 19579, **e declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 21/11/2025, notificado na data 11/12/2025**. Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

33.- VAO PERMANENTE – José Ignacio Jorganes Echezarreta

Visto o escrito presentado por **José Ignacio Jorganes Echezarreta**, de data 19/02/2026 (Rexistro de entrada nº 3.946), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Igrexa, nº 21 (Castiñeiras).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 28/02/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Conceder a José Ignacio Jorganes Echezarreta**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Igrexa, nº 21 (Castiñeiras), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela da entrada ao garaxe, según o sinalado no citado informe policial.
 - Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



34.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- V.S.V.S.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 25/02/2026, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **V.S.V.S.**, mediante escrito de data 03/02/2026 (Rexistro de entrada nº 2.559).

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 23/02/2026, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a **V.S.V.S.** unha axuda económica consistente no pago dun importe de **400,00 €** en concepto de 50% do alugueiro de 2 meses e **204,00 €** en concepto de comedor escolar de dúas fillas 15 días (Importe total **604,00 €**).

35.- ADXUDICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, LIÑA ACCIÓN SOCIAL 2025

Vista a **acta da Comisión Avaliadora** de subvencións para entidades sen ánimo de lucro, liña de Acción Social, de data 23/02/2026, en relación á adxudicación de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, liña de Acción Social, ano 2025.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 02/03/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a adxudicación de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, liña de Acción Social, ano 2025, según a seguinte relación:

BENEFICIARIOS	Puntos obtidos	Coficiente Financiamento	Achega concedida Máx. 50% Orzamento de gasto obxecto de subvención	Importe a xustificar = Importe Subvención / Coficiente financiam.
AGADEA	65	50%	1.500,00 €	3.000,00 €
CLUBE DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE RIBEIRA	70	50%	1.450,00 €	2.900,00 €
CLUBE DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE AGUIÑO	70	50%	1.500,00 €	3.000,00 €
TOTAIS	205		4.450,00 €	



36.- AUTORIZACIÓN DE USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS ADCRITAS Á ÁREA DE CULTURA (1)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 03/03/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións adcritas á área de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitude de María del Mar Castelao Fraga, en nome da Asociación Galega da Enfermidade de Dent, sede electrónica número 2026 4535 de data 26/02/2026, interesando dispor do Centro Social-Cultural de Carreira, con motivo de realizar unha actuación de maxia a cargo do “Bruxo Cabacín” ó 14 de marzo ás 18.00 horas.

Manifesta que se trata dun espectáculo aberto ao público cunha finalidade solidaria cuxa recadación obtida será destinada integramente a apoiar a investigación da enfermidade de Dent.

Considerando que o motivo deste uso temporal, dunha instalación municipal adscrita a cultura, é a celebración dun evento cultural e familiar, que dinamiza o espazo social e fomenta a participación da veciñanza cun impacto social.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

*Previa consulta da axenda de reservas de instalacións obxecto desta proposta, emítese **INFORME Favorable de Uso Temporal do Centro Social-Cultural de Carreira para a celebración deste evento.***

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar o Uso Temporal do Centro Social-Cultural de Carreira ó 14 de maio de 2026 no horario que vai de 16.00h (preparativos) ás 18h acto e ata ás 19:30 h remate e desaloxo) á Asociación Galega da Enfermidade de Dent para celebrar unha actuación de maxia do “Bruxo Cabacín”, acto de carácter solidario destinado a apoiar a investigación da enfermidade de Dent.
- Notificar o acordo á antedita entidade solicitante xunto as condicións de uso que se indican:

CONDICIÓNS DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A disponibilidad da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.



3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de propiedade intelectual (SGAE, AIE, AGEDI), adornos e outros).
6. Respetar o aforo da instalación.
nueva audiencia al interesado por el mismo plazo. Finalmente, la autoridad que efectuó el nombramiento resolverá. La resolución, que pondrá fin a la vía administrativa, será motivada y notificada al interesado en el plazo de diez días hábiles y comportará, en su caso, el cese del funcionario en el puesto de trabajo. 5. A los funcionarios removidos se les atribuirá el desempeño provisional de un puesto correspondiente a su Cuerpo o Escala, en el mismo municipio, no inferior en más de dos niveles al de su grado personal, en tanto no obtenga otro con carácter definitivo, con efectos del día siguiente al de la fecha del cese y de acuerdo con el procedimiento que fije el Ministerio para las Administraciones Públicas.”

O artigo 40 do Acordo regulador do persoal funcionario ao servizo do Concello de Ribeira 2023-2024, dispón que o Concello de Ribeira proveerá os postos de traballo mediante procedementos baseados nos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. A provisión de postos de traballo no Concello levarase a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación.

En relación ó concurso, o citado artigo continúa dicindo que, como procedemento normal de provisión de postos de traballo, consistirá na valoración dos méritos e capacidades e, no seu caso, aptitudes dos candidatos por órganos colexiados de carácter técnico. A composición destes órganos responderá ao principio de profesionalidades e especialización dos seus membros e adecuarase ao criterio de paridade entre muller e home. O seu funcionamento axustarase ás regras de imparcialidade e obxectividade.

Nas convocatorias de concurso deberán incluíse, en todo caso, os seguintes datos e circunstancias:

- Denominación, nivel e localización do posto.
- Requisitos indispensables para desempeñalo.
- Baremo para puntuar os méritos.
- Puntuación mínima para a adxudicación das vacantes convocadas.

SEGUNDA.- Relación de Postos de Traballo.

O artigo 90.2 da LRBRL prevé que as entidades locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública, e que corresponde ó Estado establecer as normas para a elaboración das RPT, a descrición de postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación. Engade o artigo 126.4 do TRRL, que as RPT terán en todo caso o contido previsto na lexislación básica sobre función pública, e confeccionaranse de conformidade ás normas previstas no artigo 90.2 da LRBRL.

Resulta, por tanto, obrigatorio para todas as entidades locais, como instrumento técnico de ordenación do persoal, a aprobación da RPT, sen embargo, non resulta estrño en moitos municipios pequenos a súa inexistencia formal, e xa o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), suple esta carencia permitindo no seu artigo 74 que as Administracións Públicas estructuren a súa organización a través das RPT “u outros instrumentos organizativos similares.”

No caso que nos ocupa, o posto de traballo de ADMINISTRATIVO XEFE ven recollida na RPT definitivamente aprobada por acordo plenario de data 27/03/2023, e publicada no BOP número 65 de data 04/04/2023, coas características que se dispoñen a continuación, entre as que se atopa o concurso como forma de provisión do citado posto de traballo:



Código:	02.931.01.03
Denominación:	Administrativo Xefe
Tipo	Funcionario
Escala/Subescala/Clase/Categoría:	Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa.
Grupo:	C1
Nivel:	20
Provisión:	Concurso
R.N.:	U.E (posto reservado a nacionais da Unión Europea)
Titulación:	Bacharelato, técnico FP ou equivalente
Formación Específica:	
Administración:	A.L. (posto reservado a persoal propio da administración local)
Observacións:	

TERCEIRA.- Oferta de emprego público.

Por último e respecto á oferta de emprego público, a Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para 2026, dispón no seu artigo 20.Un.1 que a incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, a excepción dos órganos contemplados no apartado Un. e) do artigo 19, levarase a cabo a través da OEP, como plasmación do exercicio da planificación nun marco plurianual.

A regulación da OPE atópase recollida no artigo 90.2 da LRBRL, que prevé que as entidades locais formularán publicamente a súa oferta de emprego, axustándose ós criterios fixados na normativa estatal básica e no artigo 128.1 do TRRL, que engade que a OPE aprobarase e publicárase no prazo dun mes desde a aprobación do Orzamento, axustándose á lexislación básica do Estado sobre función pública e ós criterios que regulamentariamente se establezan en desenvolvemento da normativa básica estatal, para a súa debida coordinación coas ofertas de emprego do resto das Administracións Públicas.

Pola súa parte, o artigo 70 do TREBEP, establece que as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da OPE, ou outro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ata un 10% adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria dos mesmos. En todo caso, a execución da OPE ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos; aprobarase anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas e deberá ser publicada no Diario Oficial correspondente. A OPE poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.

Neste caso, estamos ante un procedemento de mobilidade, é dicir, trátase dun procedemento de provisión dun posto de traballo – concurso de méritos ou de libre designación – no que non sucede a incorporación de persoal de novo ingreso na Administración, xa que a provisión constitúe o modo ordinario de proceder para ocupar un posto de traballo por quen xa ostenta a condición de funcionario.

Polo tanto, **no é preciso que o posto que se vaia a proveer mediante concurso de mobilidade estea incluído na Oferta de Emprego Público, ó non tratarse de persoal de novo ingreso nas Administracións.** Neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 20. Uno. 1 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2023.



Cuestión diferente é que, de conformidade co establecido no artigo 20.Tres. 1 da Lei 31/2022, si compute a efectos da taxa de reposición de efectivos, ó incluír dentro do seu cálculo: “Igualmente, se tendrá en cuanta las altas y bajas producidas por los concursos de traslados a otras Administraciones Públicas”, o que terá que terse en conta.

CUARTA.- Órgano municipal competente.

O órgano municipal competente para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal é o alcalde, segundo o disposto no artigo 21.1g) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegación de competencias asinado pola Alcaldía na data 20/10/2025.

Por todo isto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 03/03/2026, e **visto** o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 03/03/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Primeiro.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a provisión do posto de traballo de ADMINISTRATIVO/A XEFE do departamento de intervención e contabilidade, código RPT vixente 02.931.01.03.

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas Bases no “Boletín Oficial da Provincia” de conformidade co disposto nos artigos 97 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local e 204.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, publicándose o anuncio da súa convocatoria no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro.- Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE ADMINISTRATIVO/A XEFE DO DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN E CONTABILIDADE .

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a provisión dun posto de traballo vacante e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do grupo C1, mediante o procedemento de concurso específico.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Ribeira, publicada no BOP da Coruña número 65, do 04/04/2023 coas seguintes características:

- Corporación local: CONCELLO DE RIBEIRA.
- Denominación: ADMINISTRATIVO/A XEFE.
- Área: Servizos económicos.
- Departamento: Intervención e Contabilidade.
- Código: 02.931.01.03.
- Tipo: Funcionario.
- Escala: Administración Xeral.
- Subescala: Administrativa.
- Grupo: C1.
- Nivel: 20
- Sistema de provisión: concurso.



As funcións a desempeñar serán especialmente as seguintes:

- Responsabilizarse da elaboración e xestión das nóminas.
- Colaborar na xestión de expedientes e seguimento dos asuntos propios.
- Colaborar na organización dos respectivos servizos.
- Tramitar expedientes e documentos.
- Redactar acordos ou resolucións de conformidade cos modelos que sexan facilitados pola Secretaría do Concello.
- Informar e atender ó público, en defecto de auxiliares e subalternos.
- Distribuír e supervisar o traballo dos auxiliares.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

2ª.- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN:

Poderán tomar parte neste concurso quen reúna todos os seguintes requisitos:

- a) Ter a condición de funcionario/a de carreira do Concello de Ribeira.
- b) Pertencer á Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Grupo C, Subgrupo C1.
- c) Ter unha antigüidade mínima de 3 anos como funcionario/a de carreira do Concello de Ribeira.
- d) Non haber sido inhabilitado/a e suspendido/a en virtude de sentenza ou resolución administrativa firme, se non houbera transcorrido o tempo sinalado nelas.
- e) Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TREBEP) ou en situación de servizos especiais (artigo 87 do TREBEP), so poderán participar no presente concurso se, á data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

Todos os requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento do nomeamento e toma de posesión.

3ª.- TAXA POR DEREITOS DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO.

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 16,23 € de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos e pola participación en procedementos administrativos, que será devolta unicamente nos supostos establecidos na referida Ordenanza Fiscal.

O dito importe poderase facer efectivo mediante autoliquidación:

- Presencial, na oficina de atención cidadá sita na planta baixa do Auditorio Municipal situado na Praza dos Mariñeiros (horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, horario de verán de 9:00 a 13:30 horas).
- Vía web, na sede electrónica do Concello de Ribeira, no apartado TRÁMITES DESTACADOS-AUTOLIQUIDACIÓN, seleccionando as seguintes opcións:
 - Tributo: **Dereitos de exame.**
 - A liquidar: **Grupo C ou asimilado.**
 - Observacións: Nome da praza á que se opta."

O pago da autoliquidación soamente se pode realizar: "Pagar on line", ou "imprimir recibo" e efectuar o ingreso en calquera das seguintes entidades financeiras: ABANCA, BBVA, CAIXABANK, BANCO SABADELL ou BANCO SANTANDER.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de participación no procedemento correspondente suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

4ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte neste proceso de provisión faranse mediante instancia dirixida ao Sr/a. Alcalde/sa, en modelo que se engade como ANEXO I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Segunda desta Convocatoria.



As ditas solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas) durante o prazo de **QUINCE DÍAS HÁBILES, QUE SE INICIARÁ O DÍA SEGUINTE Ó DA PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DA CONVOCATORIA NO BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO**. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a través da sede electrónica do Concello de Ribeira (<https://sede.ribeira.gal>).

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso de provisión os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- Xustificante do ingreso da taxa dos dereitos de participación no procedemento de selección.
- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira do Concello de Ribeira, con indicación da praza e posto de traballo que ocupa (Escala/Subescala/Grupo/Subgrupo), o departamento e/ou área na que desenvolve o seu traballo, e data de toma de posesión como funcionario/a de carreira.
- Declaración xurada ou promesa de posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos/as aspirantes.
Non se terán en conta os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Memoria asinada electronicamente requirida na Base 8ª, segunda fase.
Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión do aspirante do proceso de provisión.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalguna das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados polo organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

5ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.

As presentes Bases publicaranse no BOP, e a convocatoria correspondente ás mesmas, efectuarase a través de anuncios no BOP, DOG e BOE, conxuntamente coa súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica). As demais comunicacións que deban efectuarse o serán a través do taboleiro de anuncios (sede electrónica). A presentación de instancias faranse a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral do procedemento administrativo, tal e como se especifica na Base 4ª desta convocatoria.

A información de carácter persoal contida nas publicacións que se realicen será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

6ª.- ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicárase no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).



Os/as aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de 10 días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica), para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación.

Posteriormente, o/a Alcalde/sa declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

Na mesma resolución, o Alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso de provisión, así como a composición da comisión de valoración.

Contra dita resolución os/as aspirantes excluídos poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o/a Sr./a Alcalde/sa, no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios (sede electrónica), ou poderán impugna-la directamente na orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución no medio anteriormente sinalado.

7ª.- COMISIÓN DE VALORACIÓN.

A comisión de valoración estará formada por un/unha presidente/a, dous vogais, e un/unha secretario/a e quedará integrada, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

A comisión de valoración será predominantemente técnica e deberá axustarse ós principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuaranse ó criterio de paridade entre home e muller. O seu funcionamento axustarase ós principios de imparcialidade e obxectividade. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ó do posto convocado.

É condición indispensable que todos eles sexan funcionarios/as de carreira, e estean en servizo activo.

Todos os membros da comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación da comisión de valoración axustarase ó disposto na Lei 40/2015, do 01 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

A comisión de valoración poderá solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

Para a válida constitución da comisión a efectos de celebración de sesións e toma de acordos requirirase a presenza do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou de quen os substitúa, así como dun/unha vogal, sexa titular ou suplente.

A comisión queda autorizada para resolver as dúbidas que poidan xurdir e adoptar os acordos precisos para a boa orde do proceso en todo o non previsto nas presentes Bases e na normativa aplicable.

Todos os membros actuarán con sometemento pleno ás causas de abstención e recusación previstas na normativa vixente. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar en calquera momento ós membros da comisión, cando concorran as circunstancias previstas anteriormente.

A proposta que realice a comisión de valoración, terá o carácter de vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concurrentes ás sesións que celebre a comisión de valoración, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo dos funcionarios públicos.

8ª.- BAREMO PARA A PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliábeis:

Este concurso específico consta de dúas fases: na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 24 puntos.



A) Méritos xerais.- A valoración máxima dos méritos xerais será de 14 puntos.

1.1.1.- Grao persoal consolidado (ata un máximo de 2 puntos).

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto que se convoca ata un máximo de 2 puntos do seguinte xeito:

- Pola posesión dun grado persoal superior ao do posto solicitado: 2 puntos.
- Pola posesión dun grado persoal igual ao do posto solicitado: 1,5 puntos.
- Pola posesión dun grado persoal inferior nun grado ao do posto solicitado: 1 punto.
- Pola posesión dun grado persoal inferior en dous grados ao do posto solicitado: 0,5 puntos.

1.1.2.- Antigüidade (ata un máximo de 4 puntos).

Valorarase a razón de 0,30 puntos por cada ano completo de servizo, ata un máximo de 4 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaran con anterioridade á adquisición da condición de funcionario/a de carreira. Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados.

1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do/a solicitante (ata un máximo de 1 punto).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.
- Permiso doutro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.
- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.
- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

1.1.4. Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 2 puntos).

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non pode ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.6.).

1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento (ata un máximo de 5 puntos).

A asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificado de

aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto de traballo ó que se opta, sempre que fosen organizadas/impartidas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as universidades, as organizacións sindicais, o Concello de Ribeira ou demais Administracións Públicas.

Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos de informática, de idiomas, en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 3 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de riscos laborais.

B) Méritos específicos: A valoración máxima dos méritos específicos será de 10 puntos.

1.1.6. Experiencia profesional (ata un máximo de 3 puntos).

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivo de servizos segundo as seguintes especificacións:

- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo C1 de xefatura de nivel de complemento de destino de 20 a 22 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,75 puntos por cada mes completo.
- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo C1 de xefatura de nivel de complemento de destino de 18 a 19 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,50 puntos por cada mes completo.
- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo C1 de xefatura de nivel de complemento de destino de 16 a 17 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,25 puntos por cada mes completo.

- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo C1 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,20 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

1.1.7. Formación específica (ata un máximo de 4 puntos).

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

A acreditación deste méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as universidades, as organizacións sindicais, o Concello de Ribeira ou demais Administracións Públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 3 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

1.1.8. Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos).

Valorarase estar en posesión dalgunha ou dalgunhas das seguintes titulacións académicas universitarias:

- Máster oficial universitario: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 puntos.
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

SEGUNDA FASE: Memoria (ata un máximo de 4 puntos).

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, con base na descrición contida nesta convocatoria.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, as súas características, condicións, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados:

1. Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento.
2. Plan de organización do traballo.
3. Proxecto de mellora funcional.
4. Conclusións.



A memoria terá unha extensión máxima de 20 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo máximo de 30 minutos.

Os/as aspirantes serán convocados para a exposición e defensa pública pola comisión de valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición.

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere conveniente acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- A estrutura formal e claridade.
- O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación.

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

9ª.- PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓN.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante a comisión de valoración cada vez que finalice unha fase do concurso. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente.

A reclamación, que unicamente deberá referirse á valoración da fase que se publique, poderá efectuarse respecto da puntuación obtida na correspondente fase.

En todo caso, para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de cinco (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao correo electrónico maria.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que consta a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

10ª.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

A puntuación definitiva do concurso será o resultado de sumar as puntuacións obtidas en cada unha das fases do baremo indicado na Base 8ª.

No caso de que ó proceder á ordenación dos/as aspirantes producíranse empates, este resolveranse atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

- Maior antigüidade recoñecida como funcionario/a.
- Pola valoración do traballo desenvolvido.
- Polo grao persoal consolidado.
- Cursos de formación e perfeccionamento.
- Sexo infrarrepresentado.
- Sorteo

A comisión de valoración elevará á alcaldía a proposta definitiva de nomeamento, que terá carácter vinculante.



11ª.- NOMEAMENTO.

Rematado o concurso, e elevada á alcaldía a proposta de nomeamento por parte da comisión de valoración, o/a alcalde/sa procederá ó nomeamento do/a aspirante proposto/a como funcionario/a de carreira en propiedade.

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicárase no BOP da Coruña, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

O destino adxudicado será irrenunciable, agás que antes de finalizar o prazo de toma de posesión o/a interesado/a obtivera outro destino mediante convocatoria pública nesta ou noutra Administración, quedando obrigado/a neste caso a optar por un dos dous e a comunicar por escrito a opción adoptada, decaendo nos seus dereitos sobre o posto non elixido.

12ª.- TOMA DE POSESIÓN.

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes ó da publicación no BOP da resolución do concurso co nomeamento da persoa seleccionada.

O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se non implica cambio de residencia do/a funcionario/a, ou dun mes se comporta cambio de residencia ou o reingreso ó servizo activo, e comezará a contarse a partir do día seguinte ó do cesamento.

O cómputo do prazo de toma de posesión iniciárase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos ó/a interesado/a. Nos supostos de incapacidade temporal o cómputo do prazo iniciárase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considérase como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen.

13ª.- RESOLUCIÓN.

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ó da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do concurso motivárase con referencia ó cumprimento das normas regulamentarias e das bases da convocatoria. En todo caso deberán quedar acreditadas no procedemento, como fundamentos da resolución adoptada, a observancia do procedemento debido e a valoración final dos méritos dos/as candidatos/as.

14ª.- NORMATIVA APLICABLE.

O proceso de provisión rexeráse polas presentes Bases, así como polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 30/1984, do 02 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

No non disposto pola normativa citada, será de aplicación supletoria o Real 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

15ª NORMAS FINAIS.

Primeira.- Esta convocatoria e as súas bases vinculan á Administración, á comisión de valoración e ás persoas que nel participan.

Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da comisión, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.



A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso de provisión, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS		
APELLIDOS E NOME:		
DNI:		
ENDEREZO:		
Rúa:		
Código Postal:	Municipio:	Provincia:
Teléfono de contacto:		
Conta de correo electrónica [campo non obrigatorio] (*):		

DATOS DO POSTO
DENOMINACIÓN: ADMINISTRATIVO/A XEFE
DEPARTAMENTO: INTERVENCIÓN E CONTABILIDADE
ÁREA: SERVICIOS ECONÓMICOS
GRUPO: C1
CÓDIGO RPT: 02.931.01.03

EXPOÑO:		
Á vista da convocatoria do procedemento para a provisión do posto antes referido,		
DECLARO reunir todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria e, así mesmo, declaro non haber sido inhabilitado/a e suspendido/a en virtude de sentenza ou resolución administrativa firme para o desenvolvemento de funcións públicas.		
SOLICITO a miña participación no proceso de referencia de conformidade coas bases da convocatoria.		
Solicito adaptación de tempo e medios para a realización da segunda fase do concurso (SO PARA PERSOAS CON ALGUNHA DISCAPACIDADE):	SI:	NON:
Solicito certificación acreditativa da condición de	SI:	NON:



funcionario/a de carreira do Concello de Ribeira:		
Documentación que se achega xunto coa solicitude:		
➤ Xustificante do ingreso das taxas do proceso selectivo. ➤ Declaración xurada ou promesa de posuír capacidade funcional. ➤ Documentación acreditativa dos méritos alegados. ➤ Memoria. ➤ Outra (indicar):		
Lugar, data e sinatura:		

42.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN EVENTO MOTEIRO – Asociación Motoclub Os Reventapistóns

Visto o escrito presentado por Iván Oliveira Abelleira en representación da **Asociación Motoclub Os Reventapistóns**, de data 01/03/2026 (Rexistro de entrada nº 4.668), no que solicita autorización para:

- A celebración dun evento moteiro (Kedada) da Asociación Motoclub Os Reventapistóns, o vindeiro 18/04/2026.
- Autorización para poder acceder á Praza de España como punto de reunión do evento e facer diversas actividades, desde as 10:00 h. ata as 22:00 h.
- Colaboración municipal con 5 contedores, 170 m. de valado e conos.
- Colaboración municipal coa disposición das rúas Mendiño e Travesía da rúa Canarias para usalas como zona de estacionamento das motos, así como o corte da rúa Mendiño desde as 15:00 h. ata as 21:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dun evento moteiro (Kedada) da Asociación Motoclub “Reventapistóns”, o vindeiro 18/04/2026.
- Autorización para poder acceder á Praza de España como punto de reunión do evento e facer diversas actividades, desde as 10:00 h. ata as 22:00 h.
- Prestar a colaboración municipal coa disposición dos 5 contedores solicitados e 170 m. de valado e conos.
- Prestar a colaboración municipal coa disposición das rúas Mendiño e Travesía da rúa Canarias para utilizalas como zona de estacionamento das motos, así como o corte da rúa Mendiño desde as 15:00 h. ata as 21:00 h., debendo poñerse en contacto coa Policía Local.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



43.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Ana Peleteiro Brión (AREA CAFÉ)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Ana Peleteiro Brión** en representación establecemento **“Area Café”** (Ribeira), de data 05/03/2026, no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro **“Area Café”** (Ribeira), o día 07/03/2026, en horario aproximado de 12:00 h. a 15:30 h.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:35 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

